

As claves da factura eléctrica

XUNTA DE GALICIA

Que vai cambiar na miña factura eléctrica?

ANTES

Consumidor acollido ao **MERCADO REGULADO TUR** (Tarifa de Último Recurso)

o **63% dos fogares**

AGORA

PASA AUTOMATICAMENTE Á MODALIDADE DE PVPC (Prezo Voluntario ao Pequeno Consumidor).

- **Con contador analóxico:** pagará a electricidade consumida a un prezo medio de mercado que se actualizará semanalmente.
- **Con contador dixital:** pagará cada hora de consumo en función do prezo que teña no mercado en cada momento.

Consumidor acollido ao **MERCADO LIBRE.** Condicións pactadas coa comercializadora.

NON VARÍA, salvo que as condicións negociadas estiveran vinculadas á antiga **TUR** (deberá informarse na súa comercializadora).

ANTES



Consumidor con **BONO SOCIAL** A aqueles que cumprían determinados requisitos aplicábaselles unha

tarifa conxelada desde 2009

AGORA

NOVA OPCIÓN: PREZO FIXO GARANTIDO

O consumidor terá un

prezo fixo para un período dun ano.

As comercializadoras de referencia terán a obriga de manter unha única oferta que será publicada en www.cnmv.es.

PASA AUTOMATICAMENTE Á NOVA TARIFA bonificada chamada **TUR** (Tarifa Último Recurso) coa que os consumidores domésticos que cumpran os requisitos terán

un 25% de desconto sobre a nova tarifa regulada PVPC.

A súa factura: o prezo da enerxía

1	CONCEPTOS TARIFA TUR	PERIODO PERÍODO	UNIDAD / BASE	PRECIO / PORCENTAJE PREZO / PORCENTAXE	IMPORTE €
2	SERVICIOS EN CALLE CALZADA ... Electricidad y Servicios 8656529 Término fijo de potencia [4,6 kW]	11-07-2013 / 02-08-2013	23 días	0,059981 Euros/kW/día	6,35
		03-08-2013 / 13-09-2013	41 días	0,09767 Euros/kW/día	19,42
	Energía	11-07-2013 / 02-08-2013	46 kWh	0,140728 Euros/kWh	6,47
		03-08-2013 / 13-09-2013	83 kWh	0,124985 Euros/kWh	10,37
3	Alquiler de Equipo	11-07-2013 / 13-09-2013			1,20
	Impuesto Eléctrico (41,61 Euros x 1,05113)		43,74 Euros	4,864 %	2,13
	Derechos de Enganche				9,04
4	Derechos de Enganche				0,00
	I.V.A.		53,98 Euros	21 %	11,34
IMPORTE TOTAL					65,32 €

1 En que situación me atopo?

Ten que identificar se está acollido á **TUR (Novo PVPC)** ou a **Mercado Libre**.

2 Potencia

É o custo fixo asociado á potencia contratada, que pode ser distinta e supón en torno a un **35% do custo da factura**.

3 Enerxía

É o custo asociado ao consumo realizado de electricidade. Supón un **65% do custo da enerxía**. No seu prezo interveñen as peaxes de acceso e o prezo horario da electricidade no mercado eléctrico, entre outros factores, polo que o custo da enerxía pode variar un **30-40% dunha hora a outra**.

4 Contador

Custo aplicable ao consumidor que teña o equipo de medida en réxime de **aluguer**.

Como podo aforrar? (I)







Como podo aforrar?

1 Revisando a potencia contratada

- Parte da potencia contratada pode non resultar necesaria. Se o seu ICP (Interruptor de Control de Potencia) non salta, poderá **reducir a potencia** de contrato co conseguinte aforro económico.
- Instalar un **xestor de potencia ou racionalizador** que desconecte consumos que non son prioritarios nos momentos nos que se acade unha demanda de potencia superior á contratada.

Cada kW de potencia contratada ten un custo, con impostos, duns 50 €/ano

Táboa de potencia recomendada conforme ao equipamento da vivenda

Tipo de vivenda	Potencia kW	€/ano	
Equipamento baixo	2,30	111,27	• Equipamento baixo: Vivenda con iluminación e electrodomésticos básicos (neveira, sonido e audio, lava-louza e lavadora).  
	3,45	166,91	
Equipamento medio	4,60	222,55	• Equipamento medio: Inclúe os compoñentes dunha vivenda con equipamento baixo e cociña vitrocerámica e equipo termo eléctrico.  
	5,75	278,19	
	6,90	333,82	
Equipamento alto	8,05	389,46	• Equipamento alto: Vivenda cos compoñentes do equipamento medio e calefacción eléctrica.  
	9,20	445,10	

Como podo aforrar? (II)

Como podo aforrar?

2 Evitando o consumo nas horas máis caras

- As horas máis caras son de luns a venres de 19:00 a 22:00 h e de 11:00 a 13:00 h. As máis baratas de 0:00 a 8:00 h, fins de semana e festivos.
- Se está acollido ao PVPC e dispón dun contador dixital que permita a lectura horaria do consumo, pode reducir o custo da súa factura desprazando consumos a horarios máis baratos.
- Adicionalmente, pode solicitar a tarifa con discriminación horaria, unha fórmula que permite aforrar programando unha parte importante do consumo entre as 22.00 e as 12.00 horas.

A discriminación horaria permite aforros de máis dun 10% na factura

8


3 Apostando pola eficiencia

- **Substitúa as lámpadas** incandescentes por lámpadas fluorescentes, LEDs ou baixo consumo.
- **Substitúa electrodomésticos** obsoletos por outros de clase A ou superior.
- **Evite falsas entradas de aire** nas vivendas.
- **Programa temperaturas** axeitadas e evite deixar os aparatos electrónicos en *stand by* (a televisión ou o vídeo consumen aínda que estean apagados). Apágueos co interruptor en lugar de co mando supón aforros medios do 3%.
- **Regule a temperatura da neveira**, isto pode supoñer importantes aforros. Cada grao que baixe da temperatura aumenta o consumo ata un 5%.

Cambiar unha lámpada de 100W por unha de baixo consumo de 20W supón un aforro do 80%

- Empregue os **foros microondas** para quentar pequenas porcións de alimentos. Estes consomen ata un 70% menos de enerxía que os foros eléctricos tradicionais.
- O **ferro de pasar** é un dos electrodomésticos que máis consome. Procure empregalo coa maior cantidade posible de roupa cada vez.

9



Preguntas máis frecuentes

Onde podo consultar a listaxe de empresas Comercializadoras libres e de Comercializadoras de Referencia?

- Na páxina web: www.cnmc.es, no apartado de enerxía/operadores/listaxe de comercializadoras. Actualmente, as comercializadoras de referencia (que ofertan a nova PVPC) son:



- *Endesa Energía XXI, S.L.U*
- *Iberdrola Comercialización de Último Recurso, S.A.U.*
- *Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.*
- *EON Comercializadora de Último Recurso, S.L.*
- *EDP Comercializadora de Último Recurso, S.A.*

Como sei que tipo de contratación teño pactada?

- Se vostede ten contratada a antiga TUR (ou nova PVPC), aparecerá así indicado na súa factura.

Onde podo consultar os prezos da enerxía?

O prezo horario da enerxía dun día poderá consultarse a partir das 20.15h. do día anterior na web <http://www.esios.ree.es/web-publica/>.

Que prezo van facturar se non dispoño dun contador que discrimine os consumos horarios?

Aplicarase un perfil de consumo estándar definido semanalmente por Red Eléctrica Española e que será publicado o xoves da semana anterior na páxina web www.ree.es.

Cando entra en vigor a nova factura?

- Desde o pasado 1 de abril a súa empresa eléctrica dispón dun prazo de 3 meses para facturarlle de acordo ao novo sistema. Ata ese momento lle continuará aplicando o mesmo prezo que no primeiro trimestre de 2014 e, posteriormente, regularizará a factura desde o citado 1 de abril, devolvendo o facturado de máis.

Como podo solicitar a nova TUR (Bono Social)?

- Os beneficiarios que non estean xa dados de alta terán que solicitalo. Pódese ampliar información na Oficina de Atención ao Cliente do distribuidor da súa zona e na páxina web da www.cnmc.es.

Quen ten dereito á nova TUR (antigo Bono Social)?

Os beneficiarios do anterior bono social pasan por defecto á nova TUR. Teñen dereito a esta tarifa aqueles usuarios que cumpran con algunha destas características:

- **Potencia inferior a 3 kW** na súa vivenda habitual.
- Os **pensionistas por xubilación, incapacidade permanente e viuvez con 60 ou máis anos de idade.**
- As pensións mínimas non contributivas de xubilación e invalidez para maiores de 60 anos.
- **Familias numerosas.**
- **Unidade familiar** que teña todos os seus membros en situación de desemprego.



Máis información en: Instituto Galego de Consumo • www.igc.xunta.es
Instituto Energético de Galicia • www.inega.es